



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE OUTUBRO DO 2025.

Sesión 15/2025-P

SRES/RAS ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)

CONCELLEIROS

Grupo Sadamaioría (SM)

D. Marcos Villar López
D^a María Pilar Taibo Fernández
D. Xosé Fernando Fariña Andrade
D^a Patricia Martínez Abruñedo
D. Ricardo Berrocal Fariña

Grupo Unidos por Sada (UPSA)

D^a María Nogareda Marzoa
D^a María Soraya Salorio Porral
D. Sergio García López
D. Breogán Blanco González

Grupo Partido Popular de Sada (PP)

D^a Esperanza María Arias Ferreiro
D^a María Isabel Val Armesto
D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)

Grupo Mixto (GM)

D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente»)
D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)

Non adscrito (NA)

D. Fernando España López (Chano)

INTERVENTOR

D. Jaime Presas Beneyto

SECRETARIO ACCIDENTAL

D. Juan Esteban Méndez Leiva

No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de outubro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación (escusa a súa falta de asistencia D^a Rebeca Mouriño Neira), co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de outubro do 2025 do Concello de Sada, e aproveitando a felicitar á sra. Nogareda Marzoa (UPSA) pola súa recente maternidade.

1º.- APROBACIÓN DE ACTAS (SESIÓN NÚM. 14/2025-P).



Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 14/2025, do 25 de setembro do 2025; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta, ordenando a transcripción da dita acta ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- POS+2025 ADICIONAL 4/2025.- Solicitude xeral.- Gastos correntes.

Consta, no expediente, o Ditame da Comisión Informativa Xeral do 23 de outubro do 2025, que recolle:

“PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACIÓN DA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 4/2025

1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 4/2025

Recibida o día 13 de outubro a circular sobre a elaboración do POS+Adicional 4/2025, no que a achega provincial asignada a este concello é de 268.386,34 €,

proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

«1.- “Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	268.386,34€
Redución da débeda do concello coa deputación	
TOTAL	268.386,34 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	268.386,34
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	268.386,34
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	0

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente>>.

Logo de se votar o asunto o resultado foi o seguinte, tendo en conta o voto ponderado:

- Votos a favor: 7 SM.
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: 10 (4 UPSPA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).

Resultando ditaminado favorablemente a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

1.- Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
--	------------------------------------



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

Gastos correntes 2025	268.386,34€
Redución da débeda do concello coa deputación	
TOTAL	268.386,34 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	268.386,34
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	268.386,34
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	0

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Intervén o sr. Alcalde que cede a palabra ao secretario accidental, quen dá lectura ao ditame da Comisión Informativa Xeral.

De seguido, interveñen a sra. Taibo Fernández (SM), o sr. España López (NA), o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), o sr. Interventor, a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Salorio Porral (UPSA) e o sr. Alcalde.

A continuación, procédese directamente á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (4 UPSA, 3 PP e 1 NA).

Resultando aprobado por maioría simple dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 4/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	268.386,34€
Redución da débeda do concello coa deputación	
TOTAL	268.386,34 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	268.386,34
---	------------



Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	268.386,34
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	0

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3º.- MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTO 02/25: SUBVENCÍONS NOMINATIVAS ENTIDADES DE INTERESE SOCIAL.

Consta, no expediente, o Ditame da Comisión Informativa Xeral do 23 de outubro do 2025, que recolle:

“MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTO 02/25: SUBVENCÍONS NOMINATIVAS ENTIDADES DE INTERESE SOCIAL.

Non tendo entrado en vigor o orzamento municipal para o 2025 rexe a prórroga do 2024.

Segundo o artigo 21 do R.D. 500/1990 non serán prorrogables os créditos destinados a programas que deban concluír no exercicio anterior. En relación coas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos o informe da Intervención Xeral da Administración do Estado 1/2019 interpreta que os créditos orzamentarios que as amparan serán prorrogables, pero que se perderá o seu carácter de “nominatividade” no orzamento prorrogado, polo que procede modificar as bases de execución a efectos de habilitar as subvencións coa dita condición.

Neste sentido propónse a modificación da Base de execución 5 a) do orzamento municipal prorrogado, incluíndo a seguinte relación de subvencións nominativas destinadas ao financiamento do gasto de funcionamento ordinario das entidades de interese social dentro dos fins que lles son propios segundo cadanseu obxecto social, detallada na parte dispositiva da proposta por importe total de 18.240 €. As liñas do PES desenvolvidas son as relativas a acción social

O Pleno da corporación en sesión de data 19 de agosto de 2025, acordou a modificación do plan estratéxico de subvencións 2024-2026. **A liña 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía das persoas.**

Áreas de competencia afectadas	SERVIZOS SOCIAIS
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan accións ou programas dirixidos a persoas en risco ou situación de dependencia.
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	▪ Promover a actividade das entidades que traballan para aumentar a autonomía e integración das persoas en situación de diversidade funcional, vulnerabilidade ou dependencia. ▪ Promover a autonomía e atención de persoas en risco de dependencia co fin de evitar situación de illamento, favorecendo a permanencia deste colectivo no seu entorno habitual. ▪ Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física, psíquica e intelectual, sensorial ou afectadas por doenzas crónicas. ▪ Estender o número e alcance dos proxectos dirixidos a mellorar a integración e a autonomía das persoas con diversidade funcional. ▪ Mellorar a calidade de vida e aumentar a autonomía e a integración das persoas en situación de vulnerabilidade, diversidade funcional, afectacións crónicas ou situacións de illamento social e desprotección. ▪ Fomentar programas específicos como o de «vacacións en paz» ou os campamentos solidarios.
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	• Reducir o número de persoas en situación de vulnerabilidade. • Mellorar a integración dos colectivos sociais en risco de exclusión, remover barreiras para ampliar o acceso unhas condicións de vida dignas. • Mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de exclusión, vulnerabilidade social e económica de colectivos como as persoas con diversidade funcional, extrema pobreza, trastornos e patoloxías crónicas



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

	e de dependencia. • Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física, psíquica e intelectual, sensorial ou afectadas por doenzas crónicas. • Estender o número e alcance dos proxectos dirixidos a mellorar a integración e a autonomía das persoas con diversidade funcional. • Mellorar a calidade de vida e aumentar a autonomía e a integración das persoas en situación de vulnerabilidade, diversidade funcional, afectacións crónicas ou situacións de illamento social e desprotección. • Fomentar programas específicos como o de «vacacións en paz» ou os campamentos solidarios.
Prazo necesario para a súa consecución	Anual
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento	Previsión 2024-2026. Partidas orzamentarias: 2310.48016. Importe total: 18.240 euros, co seguinte detalle: Aspace, para actividades de participación e inclusión das persoas usuarias empadroadas en Sada no seu entorno artístico e para actividades de fomento da capacidade artística e creativa a través da cerámica, 7.200€. Aspace patronato, actividades da Fundación, 1.440€ Cáritas, bolsa de alimentos, 3.600€ Cruz Vermella, financiamento de actividades e gastos de funcionamento, 3.600€. Solidariedade galega do Pobo Saharai, para axuda alimentaria e programas de mellora das condicións de vida nos campamentos de refuxiados saharauis, 2.400€.
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	Subvencións nominativas. Aprobado o orzamento municipal e as subvencións nominativas correspondentes elaborárase un convenio para fixar as condicións de realización e requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa xustificarase a subvención na forma prevista.
Réxime de seguimento e avaliación	- % de execución do orzamento. - Núm. de actividades realizadas. - % de incremento de actividades realizadas en relación co ano anterior. - Núm. de persoas beneficiarias que se beneficiaron dos proxectos subvencionados e melloraron a súa situación persoal. - % de incremento de persoas beneficiarias en relación co ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo máximo do primeiro semestre do exercicio seguinte ao da convocatoria. Darase conta ao Pleno do conxunto das memorias, consonte o punto 11 do PES.

O artigo 60, no seu apartado 1, letra h, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia establece que son competencia municipal **o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.**

O carácter nominativo da subvención, en contraposición co procedemento ordinario de concesión mediante concorrência competitiva previsto legalmente, xustifícase en base que sendo o obxecto o financiamento de programas e actividades de intereses social, e tendo en conta que cada asociación desenvolve un proxecto adaptado ás necesidades sectoriais, non é posible aplicar criterios comúns nunha convocatoria competitiva. A diversidade de contextos e necesidades impide unha comparación, polo que a subvención nominativa permite unha asignación máis xusta e axustada ás necesidades reais de cada entidade

Visto informe da intervención municipal incluído no expediente; entendendo que sendo o obxecto o financiamento de programas e actividades de intereses social nos que cada asociación desenvolve un proxecto adaptado ás necesidades sectoriais impedindo a diversidade de contextos e necesidades unha comparación que permita aplicar criterios comúns nunha convocatoria competitiva, polo que a subvención nominativa permite unha asignación máis xusta e axustada ás necesidades reais de cada entidade.

Propoño a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación das bases de execución 02/25 engadindo ao apartado 5 a) o seguinte contido

Beneficiario	CIF	Obxecto	Aplicación Orzam.	Importe
ASPACE	G15031529	Actividades de participación e inclusión no seu entorno artístico e actividades de fomento da	2310.48016	7.200,00



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

		capacidade artística e creativa a través da cerámica para as persoas usuarias de ASPACE Coruña residentes no Concello de Sada		
ASPACE Patronato	G70338074	Actividades da fundación (tutela persoas afectadas por parálise cerebral)	2310.48016	1.440,00
Cáritas	R1500053B	Bolsa alimentos	2310.48016	3.600,00
Cruz Vermella	Q2866001G	Financiamento de actividades e gastos de funcionamento	2310.48016	3.600,00
Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	G15924558	Financiamento dos gastos derivados da execución do programa de axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís	2310.48016	2.400,00
Total subvenciones nominativas interese social				18.240,00

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-
Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».

Procédese á corrección de parte proposta por conter erros modificándose “O Pleno da corporación en sesión de data 19 de agosto de 2025, acordou a modificación do plan estratéxico de subvencións 2024-2026. A liña 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía das persoas” polo seguinte: “Visto que está incluída no plan estratéxico de subvencións 2024-2026 a liña 2.2 Apoio a programas que promovan a autonomía das persoas”.

Logo de se votar o asunto coa corrección o resultado foi o seguinte, tendo en conta o voto ponderado:

- Votos a favor: 7 SM.
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: 10 (4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).

Resultando ditaminado favorablemente a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación das bases de execución 02/25 engadindo ao apartado 5 a) o seguinte contido

Beneficiario	CIF	Obxecto	Aplicación Orzam.	Importe
ASPACE	G15031529	Actividades de participación e inclusión no seu entorno artístico e actividades de fomento da capacidade artística e creativa a través da cerámica para as persoas usuarias de ASPACE Coruña residentes no Concello de Sada	2310.48016	7.200,00
ASPACE Patronato	G70338074	Actividades da fundación (tutela persoas afectadas por parálise cerebral)	2310.48016	1.440,00
Cáritas	R1500053B	Bolsa alimentos	2310.48016	3.600,00
Cruz Vermella	Q2866001G	Financiamento de actividades e gastos de funcionamento	2310.48016	3.600,00
Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	G15924558	Financiamento dos gastos derivados da execución do programa de axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís	2310.48016	2.400,00
Total subvenciones nominativas interese social				18.240,00

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-
Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor”.



Intervén o sr. Alcalde que cede a palabra ao secretario accidental, quen dá lectura ao ditame da Comisión Informativa Xeral.

De seguido, interveñen a sra. Martínez Abruñedo (SM), o sr. España López (NA), o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Salorio Porral (UPSA) e o sr. Alcalde.

A continuación, procédese directamente á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (4 UPSA, 3 PP e 1 NA).

Resultando aprobado por maioría simple dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobado inicialmente a modificación das bases de execución 02/25 engadindo ao apartado 5 a) o seguinte contido

Beneficiario	CIF	Obxecto	Aplicación Orzam.	Importe
ASPACE	G15031529	Actividades de participación e inclusión no seu entorno artístico e actividades de fomento da capacidade artística e creativa a través da cerámica para as persoas usuarias de ASPACE Coruña residentes no Concello de Sada	2310.48016	7.200,00
ASPACE Patronato	G70338074	Actividades da fundación (tutela persoas afectadas por parálise cerebral)	2310.48016	1.440,00
Cáritas	R1500053B	Bolsa alimentos	2310.48016	3.600,00
Cruz Vermella	Q2866001G	Financiamento de actividades e gastos de funcionamento	2310.48016	3.600,00
Solidariedade Galega co Pobo Saharauí	G15924558	Financiamento dos gastos derivados da execución do programa de axuda alimentaria para os campamentos de refuxiados saharauís	2310.48016	2.400,00
Total subvenciones nominativas interese social				18.240,00

Segundo.- Dispor, en aplicación da Base de execución segunda do orzamento municipal e artigo 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas-

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 22 de setembro (núm. 1715) ata o 24 de outubro do 2025 (núm. 1985).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día



22 de setembro (núm. 1715, do expediente 2025/G003/001788) ata o 24 de outubro do 2025 (núm. 1985, do expediente 2025/G003/002048), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Primeira.- Moción con motivo da conmemoración do 25 de novembro, día internacional da eliminación de violencia contra as mulleres.

A sra. Arias Ferreiro (PP) xustifica a urxencia da moción, achegada polo seu grupo municipal, que a continuación se reproduce literalmente:

«MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciabes que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresións sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGen, e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas. A todo isto súmanse os erros producidos no sistema de control de pulseiras antimaltrato (o sistema COMETA), e que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do Partido Popular propón o seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Sada a:

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia encuberta.
- Promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero, VioGén, se integren no mesmo.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todo tipo de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
- Promover, a través dos centros municipais para a mocidade, accións dirixidas a este colectivo para a prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
- Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar ao Goberno de España a:

- Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.



- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.
- Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación do Código Penal, Lei de Enxuzamento Criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.
- Adoptar medidas concretas para paliar a recivitimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
- Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia de xénero que poida estar a sufrir unha nena ou muller con discapacidade.
- Fomentar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral do fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia do fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada por unanimidade dos presentes a urxencia da devandita moción.

A continuación procédese ao debate da moción coa intervención da sra. Arias Ferreiro (PP), o sr. España López (NA), o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Salorio Porral (UPSA), que indica que o punto primeiro non poder ser “Instar ao Concello de Sada” e esixir o VIOGEN deberá ir no punto segundo ou terceiro; a sra. Martínez Abruñedo (SM) e o sr. Alcalde.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada por unanimidade dos presentes o seguinte **ACORDO**:

1. O Concello de Sada comprométese a:

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia encuberta.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todo tipo de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.



- Promover, a través dos centros municipais para a mocidade, accións dirixidas a este colectivo para a prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
- Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar ao Goberno de España a:

- Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.
- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.
- Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación do Código Penal, Lei de Enxuízamento Criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.
- Adoptar medidas concretas para paliar a revictimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
- Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.
- Promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero, VioGén, se integren no mesmo.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia de xénero que poida estar a sufrir unha nena ou muller con discapacidade.
- Fomentar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral do fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia do fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

Segunda.- Moción para a modificación do Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Sada.

A sra. Arias Ferreiro (PP) xustifica a urxencia da moción, achegada polo seu grupo municipal, que a continuación se reproduce literalmente:



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

«Dña Esperanza Arias Ferreiro, Portavoz do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Sada, en nome e representación do mesmo, en base ao disposto no art. 64.1 do R.O.M, en tempo e prazo oportunos para o seu debate e aprobación si procede polo pleno desta corporación, presenta a seguinte:

MOCIÓN sobre a modificación do Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Sada

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Sada, consciente da importancia de promover a acción cultural e social e logo de contemplar ao longo dos anos numerosas personalidades que naceron, viviron ou viven na Vila, sendo esta escenario da súa obra e do seu legado, patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc.

Considérase necesario recoñecer talentos de onte e de hoxe, embaixadores de Sada alá onde as súas obras ou accións chegan, denominándose a distinción “Medalla Mimina” en recoñecemento á artista e empresaria sadense Dona Carmen Arias, coñecida como Mimina.

Por outra parte, propónse modificar o Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Sada, publicado inicialmente o 16/09/2004 no BOP, e aplicable dende 07/10/2004, para actualizalo con carácter xeral e principalmente para nominar as medallas do municipio como “Medallas Mimina” e adaptar as bases reguladoras sobre as honras que o Concello de Sada poderá conferir para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao Municipio.

Polo que propoño a adopción do seguinte

ACORDO

Primero.- Iniciar o expediente para modificar o Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Sada, que ten por obxecto premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao Municipio, proponendo a seguinte redacción:

Artigo 1. Obxecto

Outorgar un recoñecemento público ás accións das persoas físicas o xurídicas desenvolvidas no Concello de Sada e/ou fora e que contribúen coa súa obra a enriquecer o patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc e o nome do Concello.

Artigo 2. Persoas destinatarias

Poderase outorgar este recoñecemento ás persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, coa súa traxectoria ou labor, contribúen e destacasen no desenvolvemento do Concello de Sada coa súa obra ou actos e contribúen a enriquecer o patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc.

CAPÍTULO 1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 3. Clases de honras e distincións

As honras que o Concello de Sada poderá conferir para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao Municipio serán os seguintes:

- 1.- Fillo predilecto de Sada.
- 2.- Fillo adoptivo de Sada.
- 3.- Fillo distinguido de Sada.
- 4.- Visitante distinguido.
- 5.- Membro honorario da Corporación.
- 6.- Medalla “Mimina” do Municipio de Sada, de carácter “sargadeliano” e exclusivamente honorífico, que dará dereito a un diploma acreditativo e non comporta ningún tipo de dotación económica.
- 7.- Designación de vías públicas, complexos urbanos ou instalacións públicas co nome dunha persoa vinculada ao Municipio.

Artigo 4. Procedemento de concesión de distincións

A concesión será discrecional e efectuarase en función das accións de relevancia e transcendencia que se teñan realizado e das circunstancias que concorran en cada caso.

As honras serán outorgadas por acordo plenario, logo da proposta efectuada pola comisión de valoración regulada no artigo 12

Artigo 5. Candidaturas

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que consideren relevante e oportuno destacar o labor dalgunha persoa, entidade ou institución polo seu traballo e sempre que teña cabida no obxecto destas bases.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes, indicando os datos da persoa física, colectivo, entidade ou institución a favor da cal se promove a concesión da honra, irán dirixidas pleno do Concello de Sada e presentaranse preferiblemente por vía electrónica.



2. A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de persoal empregado público.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Sada.

3. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día 15 de xaneiro e rematará o día 15 de maio de cada ano natural.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Memoria ou informe en que se expoñan as causas, motivos e circunstancias, debidamente razoadas e fundamentadas, polas que promove a concesión da medalla á persoa, colectivo, entidade ou institución proposta.

b) Documentos acreditativos dos méritos expostos, que permitan efectuar a correspondente comprobación.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Sada, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada nos parágrafos anteriores. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do Concello de Sada.

Artigo 9. Comprobación dos datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.

b) NIF da entidade solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica do Concello de Sada permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Notificación



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Comisión de Valoración

1. Para a concesión da medalla regulada nestas bases créase unha Comisión de Valoración, que terá a seguinte composición:

- a) Presidencia: o alcalde.
- b) Vogalías: – Unha persoa en representación de cada grupo político municipal.
- c) Secretaría: unha persoa funcionaria do Concello de Sada, que actuará con voz pero sen voto.

2. Na composición da comisión de valoración procurarase respectar o principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 13. Proposta de resolución

1. Unha vez analizadas e estudadas as solicitudes presentadas, a Comisión de Valoración, de consideralo necesario, poderá requirirlles ás persoas solicitantes a información complementaria que precise.

2. Rematada a valoración das solicitudes presentadas, a comisión elevaralle unha proposta ao pleno, a quen lle corresponderá adoptar a decisión de outorgar a medalla ás persoas propostas pola Comisión de Valoración.

3. A Comisión de Valoración non poderá propor que se outorguen un número de medallas superior ao número máximo que se indica neste regulamento e poderá, se así o entende oportuno, deixar baleiras unha, varias ou a totalidade das condecoracións, no suposto de que as persoas físicas, colectivos, entidades ou institucións propostas non reúnan os requisitos e/ou non concorran as causas e circunstancias necesarias para o outorgamento, atendendo ao establecido nos artigos 2 e 3.

Artigo 14º

1.- Un extracto dos acordos da Comisión de valoración outorgando calquera das honras citados deberá inscribirse nun libro-rexistro, que estará a cargo do titular da Secretaría do Concello. O libro-rexistro estará dividido en sete seccións, unha para cada unha das recompensas honoríficas establecidas neste regulamento.

2.- En cada unha das seccións anteriores inscribíranse, por orde cronolóxico de concesión, os nomes e circunstancias persoais de cada un dos favorecidos, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data de esta e, no seu caso, o do seu falecemento.

Artigo 15º

As honras, distincións e nomeamentos concedidos serán entregados no Salón de Sesiões do Concello ou no espacio que acorde a comisión, o día 16 de agosto, con asistencia do Pleno da Corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artigo 16º

O Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste regulamento, coa conseguinte cancelación do asento no libro-rexistro, calquera que sexa a data en que fosen conferidas, a quen incorra en faltas que aconsellan esta medida extrema.

O acordo da Corporación no que se adopte esta medida irá precedido do correspondente expediente cos mesmos trámites e requisitos que para o seu outorgamento, e requirirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorgar a distinción de que se trate.

Artigo 17º

As honras que a Corporación poda outorgar ao Rei non requirirán outro procedemento que a previa consulta á Casa da Súa Maxestade, e en ningún caso se incluírán no cómputo numérico que como limitación establece o presente regulamento.

CAPÍTULO II. Títulos de fillo predilecto e de fillo adoptivo

Artigo 18º



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

1.- A concesión do título de fillo predilecto de Sada só poderá recaer en quen, tendo nacido no Municipio destacase de forma extraordinaria por cualidades ou méritos prestados en beneficio e honra de Sada que acadaran consideración indiscutible no concepto público.

2.- A concesión do título de fillo adoptivo de Sada poderá outorgarse ás persoas que, sen ter nacido no Municipio, reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

3.- Tanto o título de fillo predilecto como o de fillo adoptivo poderán ser concedidas a título póstumo.

Artigo 19º

1.- Os títulos de fillo predilecto e adoptivo, ambos de igual rango, constitúen a maior distinción do Concello pola que a súa concesión se fará sempre utilizando criterios moi restritivos.

2.- Os títulos anteriores terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres para cada un deles, non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuízo da comisión de valoración, que haberá de declarar esa excepcionalidade previamente e por unanimidade.

Artigo 20º

1.- A concesión dos títulos de fillo predilecto e de fillo adoptivo será acordada unánimemente pola comisión de valoración, a proposta do Alcalde e previo expediente no que deberán quedar acreditados os merecementos que xustifiquen estas honras.

2.- Acordada a concesión de calquera dos dous títulos anteriores, a Corporación municipal fará entrega ao agraciado en sesión solemne do diploma e das insignias que acrediten a distinción o día 16 de agosto.

3.- O expresado diploma deberá estenderse nun pergamiño artístico e conterá de maneira moi sucinta os merecementos que xustifican a concesión. A insignia axustarase ao modelo que no seu día aprobe a Alcaldía, no que deberá figurar en todo caso, o escudo do municipio, así como a inscrición de fillo predilecto ou fillo adoptivo, segundo proceda.

Artigo 21º

As persoas ás que se conceda os títulos de fillo predilecto ou fillo adoptivo do municipio terán dereito a acompañar á Corporación municipal nos actos ou solemnidades a que esta concorra, ocupando o lugar que para iso lle está sinalado.

A tal efecto, o Alcalde dirixirá aos interesados unha comunicación oficial nas que se lles indique o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade participándolles a invitación a asistir.

CAPITULO III. Títulos de fillo distinguido e de visitante distinguido

Artigo 22º

1.- A concesión do título de fillo distinguido de Sada só poderá recaer nas persoas que, tendo nacido no Municipio, enaltecesen o nome de Sada polas súas cualidades humanas ou pola súa traxectoria persoal, profesional, artística ou laboral, ben residan no Municipio ou ben estean na emigración.

2.- A concesión do título de visitante distinguido de Sada poderá outorgarse ás personalidades españolas ou estranxeiras que visiten o Municipio, e merezan especial consideración polas altas responsabilidades que exerzan.

3.- Tanto o título de fillo distinguido como o de visitante distinguido serán concedidos por decreto pola comisión de valoración, e se materializarán na entrega de diploma ou pergamiño.

CAPITULO IV. Nomeamento do membro honorario da Corporación

Artigo 23º

1.- O nomeamento de Alcalde ou concelleiro honorario do Concello de Sada poderá ser outorgado por este a personalidades españolas ou estranxeiras, xa como mostra da alta consideración que lle merecen, xa como correspondencia a distincións análogas de que fosen obxecto a Corporación ou autoridades municipais.

Para os conceder a estranxeiros requirirase autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe de Asuntos Exteriores.

2.- Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no número anterior, mentres vivan tres persoas que sexan alcaldes honorarios ou seis que recibisen o título de concelleiro honorario.

Artigo 24º

1.- A concesión destes títulos honoríficos será acordada pola Comisión de valoración co voto unánime dos membros que a compoñen. Poderá facerse con carácter vitalicio ou por prazo limitado, polo período que corresponda ao cargo de que se trate.

2.- Acordada a concesión destas distincións, procederase a entrega ao premiado de diploma e insignias, que neste caso consistirán nunha medalla idéntica á que usa o Alcalde ou os Concelleiros, segundo o caso.

Artigo 25º

1.- As persoas ás que se conceda estes nomeamentos non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin administración municipal, se ben o Alcalde poderá encomendarlles funcións representativas cando haxan de se exercer fora do término municipal.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

2.- Nos demais actos oficiais que celebre o Concello ocuparán o lugar preferente que a Corporación municipal lles sinale e asistirán a eles ostentando a medalla acreditativa da honra recibida.

CAPÍTULO V. Medallas “Mimina” do Municipio

Artigo 26º

1.- A medalla de Sada é unha recompensa municipal creada para premiar méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, tanto nacionais como estranxeiras, por ter prestado servizos ao Municipio que enriquezan noso patrimonio intelectual, artístico, cultural o deportivo, ou dispensado outro tipo de honras ao mesmo. Respecto ás persoas físicas, poderán ser concedidas tamén a título póstumo.

2.- A medalla terá o carácter de condecoración, con un máximo de tres distincións anuais.

Artigo 27º

As medallas serán de porcelana de deseño “sargadeliano” con fita de seda de cor azul, con pasador do mesmo material que a medalla outorgada. Cando se trate de algunha entidade ou corporación, a fita será substituída por unha gravata da mesma cor, para que pode ser enlazada á bandeira ou insignia que haxa de ostentar.

Artigo 28º

A concesión das medallas será acordada pola Comisión de Valoración coa unanimidade dos membros que a compoñen.

Artigo 29º

A concesión ratifícase en pleno municipal nun prazo máximo de dous meses tras o peche das solicitudes, e publícase na sé electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 30º

As condecoracións outorgadas serán obxecto dun acto solemne de entrega o día 16 de agosto, co correspondente diploma estendido en pergamiño artístico, contendo de maneira moi sucinta os merecementos que xustifican a concesión e da medalla concedida. Tamén creárase un libro rexistro cos datos dos galardoados para control e transparencia.

CAPÍTULO VI. Designación de vías ou instalacións públicas

Artigo 31º

O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ao Municipio, recoñecendo con iso especiais merecementos.

A designación requirirá a unanimidade da comisión de valoración.

Disposición final

O presente Regulamento, que consta de trinta e un artigos e unha disposición final, entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Disposición transitoria primeira. Prazo de presentación de solicitudes no ano 2025

Ao ser 2025 o ano en que se crea este recoñecemento e co obxecto de poder axustar os prazos de presentación de propostas á aprobación desta modificación, en 2025 o prazo de presentación de propostas será de 20 días hábiles desde o mesmo día da entrada en vigor do presente acordo.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Facúltase ao alcalde para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento, tanto no que se refire ao deseño e características da medalla, das placas e dos diplomas acreditativos, como para a determinación do número de condecoracións ou inclusión doutras novas, así como naqueloutros aspectos que deriven da súa concesión.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Segundo.- Incorporar o informe de secretaría ao expediente coa finalidade de que poda incorporarse o expediente a pleno na seguinte sesión ordinaria para aprobalo inicialmente.

En Sada, a 29 de outubro de 2025.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DEL CONCELLO DE SADA».

Deseguido procédese á votación da urxencia, ausentándose previamente o sr. Blanco González (UPSA), obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 15 (6 SM, 3 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.



Resultando aprobada por unanimidade dos presentes a urxencia da devandita moción.

A continuación procédese ao debate da moción coa intervención da sra. Arias Ferreiro (PP), o secretario accidental, o sr. España López (NA), o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), a sra. Salorio Porral (UPSA), a sra. Martínez Abruñedo (SM) e o sr. Alcalde.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: 6 (6 SM).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada por maioría absoluta dos presentes o seguinte **ACORDO**:

Primero.- Iniciar o expediente para modificar o Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Sada, que ten por obxecto premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao Municipio, propoñendo a seguinte redacción:

Artigo 1. Obxecto

Outorgar un recoñecemento público ás accións das persoas físicas o xurídicas desenvolvidas no Concello de Sada e/ou fora e que contribúisen coa súa obra a enriquecer o patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc e o nome do Concello.

Artigo 2. Persoas destinatarias

Poderase outorgar este recoñecemento ás persoas maiores de idade, colectivos, entidades ou institucións, tanto públicas como privadas que, coa súa traxectoria ou labor, contribúisen e destacasen no desenvolvemento do Concello de Sada coa súa obra ou actos e contribúisen a enriquecer o patrimonio intelectual, artístico, cultural, deportivo, etc.

CAPÍTULO 1 CONSIDERACIÓNS XERAIS

Artigo 3. Clases de honras e distincións

As honras que o Concello de Sada poderá conferir para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao Municipio serán os seguintes:

- 1.-Fillo predilecto de Sada.
- 2.-Fillo adoptivo de Sada.
- 3.- Fillo distinguido de Sada.
- 4.- Visitante distinguido.
- 5.-Membro honorario da Corporación.
- 6.-Medalla “Mimina” do Municipio de Sada, de carácter “sargadeliano” e exclusivamente honorífico, que dará dereito a un diploma acreditativo e non comporta ningún tipo de dotación económica.
- 7.-Designación de vías públicas, complexos urbanos ou instalacións públicas co nome dunha persoa vinculada ao Municipio.

Artigo 4. Procedemento de concesión de distincións

A concesión será discrecional e efectuarase en función das accións de relevancia e transcendencia que se teñan realizado e das circunstancias que concorran en cada caso.

As honras serán outorgadas por acordo plenario, logo da proposta efectuada pola comisión de valoración regulada no artigo 12



Artigo 5. Candidaturas

As candidaturas poderán ser propostas directamente por calquera persoa física ou xurídica, representantes de organismos, entidades, asociacións, así como calquera Administración pública que consideren relevante e oportuno destacar o labor dalgunha persoa, entidade ou institución polo seu traballo e sempre que teña cabida no obxecto destas bases.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes, indicando os datos da persoa física, colectivo, entidade ou institución a favor da cal se promove a concesión da honra, irán dirixidas pleno do Concello de Sada e presentaranse preferiblemente por vía electrónica.

2. A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de persoal empregado público.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que foi realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da do Concello de Sada.

3. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Prazo para a presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día 15 de xaneiro e rematará o día 15 de maio de cada ano natural.

Artigo 8. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Memoria ou informe en que se expoñan as causas, motivos e circunstancias, debidamente razoadas e fundamentadas, polas que promove a concesión da medalla á persoa, colectivo, entidade ou institución proposta.
- b) Documentos acreditativos dos méritos expostos, que permitan efectuar a correspondente comprobación.

Non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.



Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Sada, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada nos parágrafos anteriores. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do Concello de Sada.

Artigo 9. Comprobación dos datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.
- b) NIF da entidade solicitante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica do Concello de Sada permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 12. Comisión de Valoración

1. Para a concesión da medalla regulada nestas bases créase unha Comisión de Valoración, que terá a seguinte composición:

a) Presidencia: o alcalde.

b) Vogalías: – Unha persoa en representación de cada grupo político municipal.

c) Secretaría: unha persoa funcionaria do Concello de Sada, que actuará con voz pero sen voto.

2. Na composición da comisión de valoración procurarase respectar o principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Artigo 13. Proposta de resolución

1. Unha vez analizadas e estudadas as solicitudes presentadas, a Comisión de Valoración, de consideralo necesario, poderá requirir-lles ás persoas solicitantes a información complementaria que precise.

2. Rematada a valoración das solicitudes presentadas, a comisión elevaralle unha proposta ao pleno, a quen lle corresponderá adoptar a decisión de outorgar a medalla ás persoas propostas pola Comisión de Valoración.

3. A Comisión de Valoración non poderá propor que se outorguen un número de medallas superior ao número máximo que se indica neste regulamento e poderá, se así o entende oportuno, deixar baleiras unha, varias ou a totalidade das condecoracións, no suposto de que as persoas físicas, colectivos, entidades ou institucións propostas non reúnan os requisitos e/ou non concorran as causas e circunstancias necesarias para o outorgamento, atendendo ao establecido nos artigos 2 e 3.

Artigo 14º

1.- Un extracto dos acordos da Comisión de valoración outorgando calquera das honras citados deberá inscribirse nun libro-rexistro, que estará a cargo do titular da Secretaría do Concello. O libro-rexistro estará dividido en sete seccións, unha para cada unha das recompensas honoríficas establecidas neste regulamento.

2.- En cada unha das seccións anteriores inscribíranse, por orde cronolóxico de concesión, os nomes e circunstancias persoais de cada un dos favorecidos, a relación de méritos que motivaron a concesión, a data de esta e, no seu caso, o do seu falecemento.

Artigo 15º

As honras, distincións e nomeamentos concedidos serán entregados no Salón de Sesiões do Concello ou no espacio que acorde a comisión, o día 16 de agosto, con asistencia do Pleno da Corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artigo 16º

O Concello poderá privar das distincións que son obxecto deste regulamento, coa conseguinte cancelación do asento no libro-rexistro, calquera que sexa a data en que fosen conferidas, a quen incorra en faltas que aconsellan esta medida extrema.

O acordo da Corporación no que se adopte esta medida irá precedido do correspondente expediente cos mesmos trámites e requisitos que para o seu outorgamento, e requirirá o mesmo número de votos que foi necesario para outorgar a distinción de que se trate.

Artigo 17º

As honras que a Corporación poda outorgar ao Rei non requirirán outro procedemento que a previa consulta á Casa da Súa Maxestade, e en ningún caso se incluírán no cómputo numérico que como limitación establece o presente regulamento.

CAPÍTULO II. Títulos de fillo predilecto e de fillo adoptivo



Artigo 18º

- 1.- A concesión do título de fillo predilecto de Sada só poderá recaer en quen, tendo nacido no Municipio destacase de forma extraordinaria por cualidades ou méritos prestados en beneficio e honra de Sada que acadaran consideración indiscutible no concepto público.
- 2.- A concesión do título de fillo adoptivo de Sada poderá outorgarse ás persoas que, sen ter nacido no Municipio, reúnan as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.
- 3.- Tanto o título de fillo predilecto como o de fillo adoptivo poderán ser concedidas a título póstumo.

Artigo 19º

- 1.- Os títulos de fillo predilecto e adoptivo, ambos de igual rango, constitúen a maior distinción do Concello pola que a súa concesión se fará sempre utilizando criterios moi restritivos.
- 2.- Os títulos anteriores terán carácter vitalicio e, unha vez outorgados tres para cada un deles, non poderán conferirse outros mentres vivan as persoas favorecidas, a menos que se trate dun caso moi excepcional, a xuízo da comisión de valoración, que haberá de declarar esa excepcionalidade previamente e por unanimidade.

Artigo 20º

- 1.- A concesión dos títulos de fillo predilecto e de fillo adoptivo será acordada unánimemente pola comisión de valoración, a proposta do Alcalde e previo expediente no que deberán quedar acreditados os merecementos que xustifiquen estas honras.
- 2.- Acordada a concesión de calquera dos dous títulos anteriores, a Corporación municipal fará entrega ao agraciado en sesión solemne do diploma e das insignias que acrediten a distinción o día 16 de agosto.
- 3.- O expresado diploma deberá estenderse nun pergamiño artístico e conterá de maneira moi sucinta os merecementos que xustifican a concesión. A insignia axustarase ao modelo que no seu día aprobe a Alcaldía, no que deberá figurar en todo caso, o escudo do municipio, así como a inscrición de fillo predilecto ou fillo adoptivo, segundo proceda.

Artigo 21º

As persoas ás que se conceda os títulos de fillo predilecto ou fillo adoptivo do municipio terán dereito a acompañar á Corporación municipal nos actos ou solemnidades a que esta conorra, ocupando o lugar que para iso lle está sinalado.

A tal efecto, o Alcalde dirixirá aos interesados unha comunicación oficial nas que se lles indique o lugar, data e hora da celebración do acto ou solemnidade participándolles a invitación a asistir.

CAPITULO III. Títulos de fillo distinguido e de visitante distinguido

Artigo 22º

- 1.- A concesión do título de fillo distinguido de Sada só poderá recaer nas persoas que, tendo nacido no Municipio, enaltecesen o nome de Sada polas súas cualidades humanas ou pola súa traxectoria persoal, profesional, artística ou laboral, ben residan no Municipio ou ben estean na emigración.
- 2.- A concesión do título de visitante distinguido de Sada poderá outorgarse ás personalidades españolas ou estranxeiras que visiten o Municipio, e merezan especial consideración polas altas responsabilidades que exerzan.
- 3.- Tanto o título de fillo distinguido como o de visitante distinguido serán concedidos por decreto pola comisión de valoración, e se materializarán na entrega de diploma ou pergamiño.

CAPITULO IV. Nomeamento do membro honorario da Corporación

Artigo 23º

- 1.- O nomeamento de Alcalde ou concelleiro honorario do Concello de Sada poderá ser outorgado por este a personalidades españolas ou estranxeiras, xa como mostra da alta consideración que lle merecen, xa como correspondencia a distincións análogas de que fosen obxecto a Corporación ou autoridades municipais.



Para os conceder a estranxeiros requirirase autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe de Asuntos Exteriores.

2.- Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no número anterior, mentres vivan tres persoas que sexan alcaldes honorarios ou seis que recibisen o título de concelleiro honorario.

Artigo 24º

1.- A concesión destes títulos honoríficos será acordada pola Comisión de valoración co voto unánime dos membros que a compoñen. Poderá facerse con carácter vitalicio ou por prazo limitado, polo período que corresponda ao cargo de que se trate.

2.- Acordada a concesión destas distincións, procederase a entrega ao premiado de diploma e insignias, que neste caso consistirán nunha medalla idéntica á que usa o Alcalde ou os Concelleiros, segundo o caso.

Artigo 25º

1.- As persoas ás que se conceda estes nomeamentos non terán ningunha facultade para intervir no goberno nin administración municipal, se ben o Alcalde poderá encomendarlles funcións representativas cando haxan de se exercer fora do término municipal.

2.- Nos demais actos oficiais que celebre o Concello ocuparán o lugar preferente que a Corporación municipal lles sinale e asistirán a eles ostentando a medalla acreditativa da honra recibida.

CAPÍTULO V. Medallas “Mimina” do Municipio

Artigo 26º

1.- A medalla de Sada é unha recompensa municipal creada para premiar méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, tanto nacionais como estranxeiras, por ter prestado servizos ao Municipio que enriquezan noso patrimonio intelectual, artístico, cultural o deportivo, ou dispensado outro tipo de honras ao mesmo. Respecto ás persoas físicas, poderán ser concedidas tamén a título póstumo.

2.- A medalla terá o carácter de condecoración, con un máximo de tres distincións anuais.

Artigo 27º

As medallas serán de porcelana de deseño “sargadeliano” con fita de seda de cor azul, con pasador do mesmo material que a medalla outorgada. Cando se trate de algunha entidade ou corporación, a fita será substituída por unha gravata da mesma cor, para que pode ser enlazada á bandeira ou insignia que haxa de ostentar.

Artigo 28º

A concesión das medallas será acordada pola Comisión de Valoración coa unanimidade dos membros que a compoñen.

Artigo 29º

A concesión ratifícase en pleno municipal nun prazo máximo de dous meses tras o peche das solicitudes, e publícase na sé electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 30º

As condecoracións outorgadas serán obxecto dun acto solemne de entrega o día 16 de agosto, co correspondente diploma estendido en pergamiño artístico, contendo de maneira moi sucinta os merecementos que xustifican a concesión e da medalla concedida. Tamén creárase un libro rexistro cos datos dos galardoados para control e transparencia.

CAPÍTULO VI. Designación de vías ou instalacións públicas

Artigo 31º

O Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ao Municipio, recoñecendo con iso especiais merecementos.

A designación requirirá a unanimidade da comisión de valoración.



Disposición final

O presente Regulamento, que consta de trinta e un artigos e unha disposición final, entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Disposición transitoria primeira. Prazo de presentación de solicitudes no ano 2025

Ao ser 2025 o ano en que se crea este recoñecemento e co obxecto de poder axustar os prazos de presentación de propostas á aprobación desta modificación, en 2025 o prazo de presentación de propostas será de 20 días hábiles desde o mesmo día da entrada en vigor do presente acordo.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Facúltase ao alcalde para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente regulamento, tanto no que se refire ao deseño e características da medalla, das placas e dos diplomas acreditativos, como para a determinación do número de condecoracións ou inclusión doutras novas, así como naqueloutros aspectos que deriven da súa concesión.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP.

Segundo.- Incorporar o informe de secretaría ao expediente coa finalidade de que poida incorporarse o expediente a pleno na seguinte sesión ordinaria para aprobalo inicialmente.

C. Rogos e preguntas.

O sr. España López (NA) presenta os rogos e formula as preguntas seguintes:

1º) Roga que se atenda a petición dun veciño polas palmeiras do paseo marítimo e da Praza Irmáns Suárez Picallo, para que se actúe sobre elas.

1ª) Pregunta ao sr. Berrocal Fariña (SM), en relación aos postos do mercado, cal é a súa situación legal, en qué estado se atopan e en qué se basea para autorizar ampliacións dos mesmos.

2ª) Pregúntalle ao sr. Fariña Andrade (SM), polas obras da Avenida Párroco Villanueva e a rúa Compostela, en relación aos restos que existen na contorna do ENIL das Brañas, se se compromete a retirar, nun prazo de quince días, toda esa porquería, ao autorizar a descarga de escombros en zonas verdes e protexidas, polo que o advirte de que o denunciará ante a Policía Local, ante a Garda Civil, ante o Seprona, elevará as dilixencias á Valedora do Pobo, irá á Consellería de Medio Ambiente, e, por último, acudirá á Fiscalía.

2º) Roga a todos os partidos da oposición que, visto que certos concelleiros actúan cunha deixadez absoluta das súas funcións, mediante unha moción, retiren as retribucións económicas ao sr. Fariña Andrade (SM) e ao sr. Berrocal Fariña (SM), e rebaixen ao mínimo legal as do sr. Alcalde.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que xa denunciou ante a Policía Local, a Garda Civil, o Seprona eses feitos, e que unha técnica municipal está realizando un informe; e engade que o escombros non procede de ningunha obra municipal.

O sr. Berrocal Fariña (SM) respóndelle que, dende a Concellería de Promoción Económica e Turismo, non se ten dado ningún permiso para que ninguén amplíe a superficie dos postos a ocupar no mercado municipal.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula a pregunta e presenta os rogos seguintes:

1ª) Pregunta cómo está a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos.

1º) Roga, ao sr. Alcalde, que se cumpran os acordos adoptados nas sesións plenarias, como o de facer os baños nas pistas de Mondego.



2º) Roga que se proceda a nomear como praza Castelao algún lugar da vila.

3º) Roga que se instalen papeleiras no campo de fútbol de Carnoedo.

Polo Grupo Mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) presenta os rogos e formula as preguntas seguintes:

1º) Roga que se responda a un veciño de Posse, que o 15 de xullo, fixo unha petición en relación cuns puntos de luz na súa rúa.

1ª) Pregunta se se lle vai a responder a ese veciño e se van poñer esas farolas.

2º) Roga que, en relación coa baixada de Párroco Villanueva, entre a rotonda da igrexa e a rúa Compostela, dado que hai dous rexistros de sumidoiros que se atopan uns 20 cm máis baixos do nivel do pavimento, se nivelen esas dúas infraestruturas.

3º) Roga que faga revisión e limpeza dos contedores, porque a moitos xa non lles funciona o pedal de apertura.

2ª) Pregunta quen xestiona, vixía ou supervisa os edificios en ruínas ou cun déficit de habitabilidade.

O sr. Alcalde respóndelle que o responsable dos edificios en ruínas é el. Tamén responde que o 14 de outubro entrou a última versión do proxecto de expropiación para a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que descoñece quen fixo a petición, e prefire consultar o escrito e logo o responderá.

Polo Grupo do PP, a sra. Arias Ferreiro formula as preguntas e presenta o rogo seguintes:

1ª) Pregunta cal é o motivo dos apagóns de luz entre a Avenida Barrié de la Maza, a rúa Compostela e a Avenida Párroco Villanueva.

2ª) Pregunta onde está o proxecto de expropiación para a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos.

3ª) Pregunta en qué fase se atopa a reactivación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

1º) Roga que se a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil pode comezar a funcionar esta semana, que non sexa a vindeira.

4ª) Pregunta polos terreos que hai subindo pola Avenida Párroco Villanueva, entre a Avenida Barrié de la Maza e a rúa Igrexa; por qué non se están a urbanizar.

5ª) Pregunta, en relación coa actualización do expediente da rúa Sanjurjo Badía, por un requirimento da Deputación da Coruña, en qué situación se atopa.

Polo Grupo do PP, a sra. Val Armesto formula as preguntas e presenta os rogos seguintes:

1º) Roga, ao sr. Fariña Andrade (SM), en relación a unha fonte situada en Carta (Mondego), que se coloque un cartel, dado que semella que existe un estudo que sinala que a súa auga non é potable.

2º) Roga, ao sr. Berrocal Fariña (SM), en relación a eventos como o de Halloween, que se fagan con tempo, porque as cousas con máis tempo se fan máis fáciles e mellor.

3º) Roga que se facilite a forma telemática e a presencial para a achega de documentación co obxecto de participar nos eventos.

1ª) Pregunta cómo vai a campaña de Nadal.

2ª) Pregunta cómo vai a promesa, de fai dúas sesións plenarias, da limpeza nunha parcela de Párroco Villanueva.

3ª) Pregunta cal é o criterio para a subida do IBI.

Polo Grupo do PP, o sr. Lonja Tajés presenta o rogo e a pregunta seguintes:



1º) Roga que non se teña unha perspectiva tan internacional e que non se olviden dos problemas da cidadanía sadense, como os casos de acoso escolar que existen nas aulas sadenses.

1ª) Pregunta, en relación coas prazas de aparcamento, en concreto polas prazas de mobilidade reducida; se teñen un censo das tarxetas admitidas e en vigor, se reclaman a súa devolución cando caducan ou o beneficiario xa non está, e se é así, por qué non ten ese censo a Policía Local e por qué non se fan campañas de comprobación desta documentación.

O sr. Alcalde respóndelle que, en relación ao proxecto de expropiación para a ampliación do CEIP Sada y sus Contornos, se atopa no despacho do arquitecto, que ten carga de traballo, pero que o intentará informar o máis axiña posible; en relación cos terreos da Avenida Párroco Villanueva, no de abaixo non se materializou o aproveitamento, como ocorreu co que está fronte ao centro de saúde, polo que habería que ver se hai que inscribir as parcelas resultantes do estudo de detalle e se xa se materializou o aproveitamento; e indícalles que se lles pasará o expediente da rúa Sanjurjo Badía; que non se puido realizar a limpeza porque non está rematado o expediente da execución subsidiaria; e que o criterio para a subida do IBI é a ponencia de valores que elabora o Ministerio de Facenda.

Contra as 21 horas e 55 minutos abandona a sesión plenaria o sr. Graña Mosquera (GM-BNG).

O sr. Berrocal Fariña (SM) respóndelle que, en relación coa campaña de Nadal, os comerciantes fan unha parte, e o Concello de Sada outra, en concreto a Concellería de Promoción Económica e Turismo fará toda a parte de dinamización na rúa.

A sra. Taibo Fernández (SM) respóndelle que, teñen na relación de decretos e resolucións de Alcaldía, o nomeamento da nova xunta xestora da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, notificada xa a xefatura provincial de Emerxencias, engade que a persoa encargada está de vacacións, e namentres non se incorpora calquera inqueda pode comunicarse ao correo electrónico avpc@sada.gal, refírelle a composición da nova xunta xestora, que haberá un proceso asembleario para a elección de cargos, e que ésta non terá lugar antes do 31/12/2025.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que están a traballar para intentar solucionar os apagóns; en relación coa fonte de Carta ou Amexeiral, fixeron varias catas, pero é unha avaría máis grave, porque se debe a colocación das tubaxes da urbanización, que están facendo unha especie de vaivén.

Polo Grupo de UPSA, o sr. Breogán Blanco aproveita para felicitar a súa compañeira, á sra. Nogareda Marzoa, pola súa recente maternidade, e recorda que vai para tres anos que houbo unha moción de censura.

Deseguido, o sr. Breogán Blanco presenta o rogo e formula a pregunta seguintes:

1º) Roga ao sr. Alcalde que governe para todos, tamén para aqueles que non o votaron.

1ª) Pregunta se se vai levar a cabo a ordenanza de tráfico para regular o aparcadoiro e mellorar o mobilidade peonil, ou vai levar o mesmo camiño que: o simulacro, o CIM, as piscinas en lámina de auga, o módulo de Mondego ou as beirarrúas de Meirás.

Polo Grupo de UPSA, o sr. García López presenta o rogo e formula a pregunta seguintes:

1º) Roga que, en relación coa limpeza dos contedores de lixo, se dea conta ao Consorcio As Mariñas para que, despois da recollida do lixo e o seu baleirado, se faga unha limpeza por dentro.

1ª) Pregunta, en relación aos operarios que teñen que substituír ao operario sepultureiro, cal é o motivo polo que non fan un traballo polo que cobran un complemento.

Polo Grupo de UPSA, a sra. Salorio Porral formula a pregunta e presenta o rogo seguintes:

1ª) Pregunta para cando a licitación do servizo de axuda no fogar, pregunta que leva repetindo dende fai 19 meses.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000016

Polo Grupo de UPSA, a sra. Nogareda Marzoa agradece as felicitacións polo nacemento da súa filla.

Deseguido, a sra. Nogareda Marzoa formula a pregunta e presenta os rogos seguintes:

1ª) Pregunta, en relación coa acta da sesión plenaria anterior, que foi aprobada, cómo pode ser que unha axuda ou subvención xere un remanente.

1º) Roga que se respeten os acordos plenarios, en relación ao acordo, dunha moción do POS, adoitada na sesión plenaria anterior.

2º) Roga aos membros do Goberno Municipal que se poñan as pilas.

Contra as 22 horas e 15 minutos abandona a sesión plenaria a sra. Nogareda Marzoa (UPSA).

O sr. Alcalde respóndelle ao sr. Lonja Tajés (PP) que teñen un censo de tarxetas e en vigor e que llo pasarán; teñen encargados orzamentos para a pintura de varios puntos e tamén para a implantación das cámaras; en relación ao remanente, sinala que durante moitísimos anos había unha subvención nominativa á ANPA de 63.000 euros, pero que agora os prezos son diferentes.

A sra. Martínez Abruñedo (SM) responde que os pregos do SAF están sendo modificados outra vez e esperan traelos á vindeira sesión plenaria.

O sr. Fariña Andrade (SM) respóndelle que os operarios de Obras e Servizos xa fixeron o curso, a comezos deste mes, e que, fai dous fines de semana, xa substituíron ao operario sepultureiro.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 20 minutos do día xoves 30 de outubro do 2025, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.